

# PLAN DE PARTO E NACEMENTO

## PLAN DE PARTO Y NACIMIENTO

(Edición 2017)



XUNTA DE GALICIA

**Edita:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Sanidade  
Servizo Galego de Saúde  
Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

**Lugar:** Santiago de Compostela

1º Edición ano 2013  
2º Edición ano 2016  
3º Edición ano 2017

# PLAN DE PARTO E NACEMENTO

## PLAN DE PARTO Y NACIMIENTO

Este documento foi elaborado por un grupo de profesionais do Servizo Galego de Saúde tomando como modelo o documento redactado polo grupo de traballo creado no seo dos Comités Institucional e Técnico da Estratexia de atención ao parto normal e de saúde reprodutiva. Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Este documento ha sido elaborado por un grupo de profesionales del Servicio Gallego de Salud tomando como modelo el documento redactado por el grupo de trabajo creado en el seno de los Comités Institucional y Técnico de la Estrategia de atención al parto normal y de salud reproductiva. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

### Grupo de traballo:

- M<sup>a</sup> Mercedes Lanza Gándara. Subdirectora Xeral de Planificación e Ordenación Asistencial.
- Javier José Ventosa Rial. Xefe de Servizo de Procesos e Programas Asistenciais.
- M<sup>a</sup> Dolores Martínez Romero. Técnica. Servizo de Procesos e Programas Asistenciais.
- Ruth Aguiar Couto. Obstetra. Complexo Hospitalario de Pontevedra.
- Leticia Álvarez Menéndez. Obstetra. Hospital Universitario *Lucus Augusti*.
- M<sup>a</sup> Isabel Blanco Domínguez. Obstetra. Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.
- Susana Blanco Pérez. Obstetra. Complexo Hospitalario de Ourense.
- Carla Cid González. Matrona. Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.
- Marta Conde García. Matrona. Centro de Saúde de Melide (Santiago).
- Alfonso Diz Villar. Xefe de Servizo de Anestesia e Reanimación. Hospital do Salnés (Pontevedra).
- M<sup>a</sup> Dolores Estévez Rodal. Matrona. Centro de Saúde da Guarda (Vigo).
- Isaura González Martínez. Matrona. Centro de Saúde de Narón (Ferrol).
- Marta Lojo Rodríguez. Pediatra. Hospital. de Monforte (Lugo).
- Olga López Racamonde. Matrona. Centro de Saúde de San Roque (Lugo).
- Javier Martínez Pérez-Mendaña. Xefe de Servizo de Xinecoloxía e Obstetricia ata agosto do 2012 do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol.
- Iñigo M<sup>a</sup> Montesino Semper. Xefe de Servizo de Xinecoloxía e Obstetricia. Hospital Virxe la Xunqueira Cee (A Coruña).
- Inés Vieites Otero. Matrona. Centro de Saúde de Abegondo (A Coruña).
- María Vilariño Insua. Matrona. Hospital do Salnés (Pontevedra).

### Ilustración:

- Carmen Cunqueiro Suárez.



---

# PLAN DE PARTO E NACEMENTO

Galego

Este plan de parto e nacemento é un documento a través do cal a muller embarazada pode *manifestar por escrito os seus desexos, necesidades, preferencias e expectativas* en relación co seu traballo de parto e nacemento do seu bebé.

Neste documento non se considera a posibilidade de elección de prácticas non aconselladas actualmente pola evidencia científica por ser innecesarias ou prexudiciais no curso dun parto normal.

Por este motivo, infórmase, de forma resumida, sobre as *prácticas axeitadas* para a asistencia ao parto e nacemento recollidas nas recomendacións da *Estratexia de atención ao parto normal, na Estratexia nacional de saúde sexual e reprodutiva e na Guía de práctica clínica sobre a atención ao parto normal do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade*. Aconsellamos tamén a lectura da *Guía dirixida a mulleres embarazadas, a futuros pais, así como aos seus acompañantes e familiares* tamén do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade: [http://www.msps.es/organizacion/sns/planCalidadSNS/e02\\_t04.htm](http://www.msps.es/organizacion/sns/planCalidadSNS/e02_t04.htm)

A muller embarazada pode utilizar este documento coa intención de poñer de manifesto o que considera importante na vivencia do nacemento do seu fillo ou filla, comunicando os seus desexos e expectativas en relación co desenvolvemento destes acontecementos vitais.

O cumprimento das expectativas de cada muller, sentirse implicada, poder decidir e manter o control sobre o proceso do parto son factores que se relacionan coa satisfacción.

É importante que os profesionais coñezan esas expectativas, expresadas verbalmente ou nun plan de parto, para satisfacelas na medida do posible e para, mediante un proceso de comunicación e de soporte emocional contribuír, cando sexa necesario, a limitar o desaxuste que pode producirse entre as expectativas e o desenvolvemento concreto de cada parto.

Polo tanto, facilita a relación de confianza e comunicación entre as usuarias e os provedores de coidados durante o embarazo e o parto, e á vez promove e facilita a toma de decisións informadas por parte da muller embarazada.

É importante que a muller asista igualmente ás sesións de educación maternal prenatais, porque este documento non substitúe a información proporcionada polo equipo profesional que a atende durante o embarazo.

O Servizo Galego de Saúde ofrece a todas as mulleres embarazadas este modelo para que o poidan usar todas as mulleres que así o desexen e para que as persoas que traballan dentro do Servizo Galego de Saúde teñan un documento que poidan ofertar ás xestantes. Para iso, as mulleres contarán con toda a información e asesoramento que precisen por parte da matrona responsable do seguimento do embarazo e resto de profesionais do seu centro de saúde.

Se unha muller embarazada non desexa utilizar este documento que lle oferta a Administración sanitaria e prefire redactar e presentar outro modelo, este será tido en conta sempre e cando cumpra como mínimo as seguintes condicións:

- Que sexa compatible coa actual oferta de prestacións do Servizo Galego de Saúde.
- Que os aspectos recollidos neste non contradigan a evidencia científica dispoñible.
- Que non supoña un risco para a saúde da nai ou do bebé.
- Que non exista vulneración dos dereitos individuais ou colectivos de acordo coa lexislación vixente.

Considérase que o momento ideal para a súa elaboración é entre as **28 e 32 semanas de xestación**. Na visita das 28 semanas, a matrona preguntará á xestante sobre a súa intención de cumprir ou presentar un plan de parto e nacemento. En caso afirmativo, se a muller non coñece este documento, presentaráselle e explicaráselle a súa finalidade e contido. Unha vez que o leu con tranquilidade, pode ir marcando as opcións que considere oportunas e na seguinte visita prenatal, ás 32 semanas de xestación, a matrona resolverá as dúbidas que presente a xestante e asesorará acerca do plan de parto que desexa que se teña en conta para o momento do parto/nacemento.

Na seguinte visita, ás **36-38 semanas** de xestación a matrona revisará o plan de parto e nacemento conxuntamente coa xestante por se hai algún cambio ou dúbida e anotará, no libro de saúde da embarazada e na historia clínica, que a muller cubriu este documento para que sexa tido en conta polo resto de profesionais.

No momento no que a muller ingresa no hospital por traballo activo de parto, a matrona comprobará a existencia do plan de parto/nacemento e revisaráo conxuntamente coa xestante e a súa parella ou acompañante, por se necesitan aclarar algunha dúbida, modificando e actualizando o que sexa necesario, facéndoo constar neste documento e rexistrándoo na historia clínica.

Para facilitar a visión dos principais aspectos que recolle o plan de parto e nacemento, suxírese que estes se trasladen a unha "folla de rexistro do plan de parto e nacemento" que se xuntará á historia clínica da muller, xa sexa en formato electrónico ou en papel, para que estea accesible aos/ás profesionais que atendan a muller e o bebé durante o parto e nacemento.

Unha vez que a muller e o seu bebé están na planta de hospitalización, o profesional de enfermaría responsable do seu coidado tamén debe revisar este documento e comentar coa nai e a súa parella ou acompañante aqueles aspectos que considere relevantes ou calquera dúbida formulada respecto ao seu coidado ou do bebé.

A xestante debe ter en conta que este plan se elabora para ser aplicado no desenvolvemento dun parto normal e está dirixido a todas e cada unha das mulleres así como á súas diferentes situacións. Non ten como obxectivo planificar o desenvolvemento do parto e nacemento. Ao longo de todo o período de hospitalización da muller, en caso de que se produza unha situación clínica que precise dunha actuación diferente á expresada pola muller neste documento, informaráselle das circunstancias que a motiven e tras o seu consentimento, realizarase a actuación indicada e oportuna para resolver esa situación clínica e así garantir a súa saúde e a do seu bebé.

Á alta hospitalaria, o documento orixinal de plan de parto e nacemento deberá ser entregado á usuaria, permanecendo na historia clínica só a folla de rexistro no caso de non dispoñer de rexistro electrónico.

Todas as persoas que dunha forma ou outra acompañan a muller embarazada e a súa parella ou acompañante neste proceso, esperan e desexan que este se desenvolva de acordo coas súas expectativas e teña unha vivencia positiva e satisfactoria.

# 1 CHEGADA AO HOSPITAL

No momento da admisión no hospital é importante recordar que a xestante non é unha paciente, non está enferma e se encontra nun momento de especial vulnerabilidade emocional. Por iso, procurarase manter a intimidade e favorecerase que permaneza acompañada de forma ininterrompida pola persoa da súa elección, salvo circunstancia clínica xustificada que o impida.

## ACOMPANÑAMENTO: PARTICIPACIÓN ACTIVA DA PARELLA/ACOMPANÑANTE

É recomendable facilitar o acompañamento da muller durante o parto, parto e posparto, por unha persoa da súa confianza, se ese é o seu desexo. Se a evolución do parto o permite, a parella ou acompañante poderá participar de forma activa en todo o proceso, coa axuda da matrona que atende a muller.

*Durante o meu parto, desexo estar acompañada por:* .....

.....

*Durante o meu parto, desexo estar acompañada só polo equipo asistencial*

*Desexo decidilo no momento en que ingrese de traballo de parto*

*Outras opcións:* .....

.....

## NECESIDADES ESPECIAIS POR DIFERENZA DE CAPACIDADE

*Teño as seguintes necesidades ou circunstancias que desexaría que se tivesen en conta no momento do meu parto:* .....

.....

## NECESIDADES ESPECIAIS POR MOTIVOS DE CULTURA OU IDIOMA

*Teño as seguintes necesidades ou circunstancias que desexaría que se tivesen en conta no momento do meu parto:* .....

.....



## ESPAAZO FÍSICO

A oferta en canto a tipos de salas de parto, equipamento, comodidades, etc., non é igual en todos os hospitais. É bo visitar durante a xestación o centro ao que se ten previsto asistir para o parto, coñecer os profesionais, as instalacións, informarse sobre os seus protocolos e valorar se se ten algunha preferencia ou se quere facer algunha petición especial.

*Outras opcións (marcar x segundo preferencia):*

*Desexaría usar a miña propia roupa*

*Desexaría usar roupa facilitada polo hospital*

## INTIMIDADE

Os profesionais irán identificados e presentaranse á muller no momento de acollida procurando en todo momento intimidade e permanecer nun segundo plano, disipar medos e dúbidas, infundir seguridade, proporcionar unha información ampla e detallada, atender o benestar físico e emocional, mostrar comprensión, apoio e respecto, todo iso contribúe de xeito decisivo a mellorar a satisfacción da muller coa experiencia do parto.

Para favorecer a intimidade evitárase en todo momento a presenza de persoal innecesario e adaptárase o ambiente do cuarto ás necesidades individuais, regulando a luz, favorecendo un ambiente de penumbra, temperatura agradable, música, obxectos persoais, etc.

No caso de hospitais que teñen profesionais en formación con capacidade asistencial actuarán sempre baixo a supervisión necesaria, e solicitarán permiso para permanecer no cuarto.

*Información de interese:*

*Este centro está acreditado para formación: Si/Non*

---

## 2 PERÍODO DE DILATACIÓN: ASISTENCIA, COIDADOS E ALIMENTACION

### PROFESIONAL ASISTENCIAL

Na medida do posible a atención levarase a cabo por parte do mesmo profesional durante todo o proceso, salvo que a organización do traballo o impida.

### LAVATIVA

A administración sistemática de lavativas antes ou durante o parto non está aconsellada. Se houberse algunha indicación clínica, antes de proceder á súa administración, informarase do motivo a muller e solicitarase o seu consentimento.

### RASURADO

O rasurado da lanuxe pubiana e perineal antes do parto está desaconsellado. Se houberse que reparar unha esgadura ou unha episiotomía, se se considerase necesario para facilitar a súa sutura, poderíase rasurar ou recortar unha pequena parte da lanuxe.

### LÍQUIDOS DURANTE A DILATACIÓN

Aconséllase beber líquidos claros (*auga, zume sen polpa, té ou café ou bebidas isotónicas*). As bebidas isotónicas son as máis recomendables porque ademais de hidratar proporcionan pequenas cantidades de glicosa e preveñen a cetose. Antes de inxerir ningún líquido ou alimento, débese consultar co profesional sanitario, por se existise algunha contraindicación.

### MOBILIDADE E CONFORT DURANTE O PARTO

É aconsellable non permanecer deitada todo o tempo, moverse, cambiar de posición buscando aquela que resulte máis cómoda. Nalgún caso, pode que o profesional sanitario recomende unha posición concreta que facilite o descenso do bebé pola canle do parto.

## TRATAMENTO E MANEXO DA DOR

A muller debe coñecer que existen diferentes opcións para o manexo e tratamento da dor durante o parto. Pódese recorrer nun primeiro termo, a métodos non farmacolóxicos de alivio da dor (técnicas de relaxación e respiración, inmersión en auga quente, masaxes, contacto físico tranquilizador, pelotas de bobath, inxeccións de auga estéril en rombo de Michaelis...) e máis tarde, a medida que aumenta a intensidade da dor pódese recorrer a métodos farmacolóxicos. A xestante pode elixir un ou varios métodos segundo a evolución do parto, o alivio que desexe e dentro das opcións dispoñibles nese momento. A matrona e o profesional facultativo informarán a muller das distintas opcións das que se dispón no hospital de referencia, das súas vantaxes e inconvenientes, para que poida decidir que é o que mellor lle convén en cada momento.

Nun parto normal, non inducido mediante substancias como a oxitocina, con liberdade para moverse, cun ambiente tranquilo e íntimo, e acompañada pola persoa que desexe a muller, esta sentirase máis cómoda e segura. Isto axudará a que se soporten mellor as contraccións e así aproveitar os intervalos entre contracción e contracción para descansar. Deste modo, a medida que avanza o parto, favorécese que o organismo segregue as súas propias substancias analxésicas (endorfinas) que axudarán a soportar mellor a dor que poidan causar as contraccións.

É por iso que é importante procurar intimidade á muller, favorecer un ambiente tranquilo, sen frío nin luces intensas, facilitar a mobilidade, aplicar masaxes, utilizar técnicas de respiración e de relaxación, evitar sentimentos de medo e tensión. Todas estas medidas axudan a minimizar a sensación de dor e polo tanto diminúe a demanda de analxesia farmacolóxica e aumenta a sensación de control da muller.

***Aquí, pode expresar os seus desexos, aínda que no momento do parto pode cambiar de idea e elixir entre todas as opcións dispoñibles no centro ao que vostede acode:***

- ***Prefiro outros tipos de analxesia (inmersión en auga quente, oxido nitroso, inxeccións de auga estéril en rombo de Michaelis, uso de materiais de apoio, etc.)***
- ***Non desexo (en principio) ningún tipo de analxesia farmacolóxica***
- ***En principio desexo analxesia epidural. (Precísase cubrir o do documento de consentimento informado)***

***Desexaría:*** .....

.....

Recoméndase ás mulleres embarazadas consultar o documento elaborado polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, "Atención ao parto normal. Guía dirixida a mulleres embarazadas, a futuros pais, así como aos seus acompañantes e familiares," dispoñible en:

<http://www.msps.es/organizacion/sns/planCalidadSNS/pdf/equidad/guiaPracParMujer.pdf>  
[http://www.sergas.es/gal/muller/docs/guia\\_atencion\\_parto\\_mujeres.pdf](http://www.sergas.es/gal/muller/docs/guia_atencion_parto_mujeres.pdf)

## OUTRO MATERIAL DE APOIO PARA O PARTO

Dependendo da dispoñibilidade de cada centro, poderanse usar elementos de apoio como pelotas, espellos, cordas, coxíns, etc., ou outro material que a muller traia consigo e sexa posible utilizar no espazo do hospital.

## OUTROS CUIDADOS:

### INTERVENCIONS

Neste plan de parto ofrécese unha información resumida sobre algunhas das intervencións, controis ou administración de medicamentos que **só se utilizarán en caso de que exista unha indicación clínica que o xustifique.**

### MONITORIZACIÓN FETAL

Durante o parto débese controlar o latexo do bebé. Isto pódese facer de forma **intermitente**, escoitando o latexo cardíaco fetal, cunha trompetiña (estetoscopio de Pinard) ou con aparatos electrónicos (doppler); pero ás veces será necesario realizar unha **monitorización electrónica continua** do latexo cardíaco fetal, como é no caso de que se administre epidural ou medicamentos como a oxitocina.

### TACTOS VAXINAIS

O profesional que atende a parturiente durante o parto realizará o menor número de tactos vexinais necesario para avaliar a evolución do parto. Adoitan realizarse cada 4 h, se fose necesario realizar esta exploración a intervalos máis curtos informarase das circunstancias que o motivan así como dos resultados da exploración.

### ROTURA DA BOLSA

En xeral, a bolsa que envolve e protexe o bebé rompe espontaneamente no transcurso do traballo de parto. Existen situacións clínicas nas que está indicada a rotura artificial da bolsa, cando isto aconteza informarase a xestante.

### CANALIZACIÓN DE VÍA ENDOVENOSA

A canalización dunha vía endovenosa non adoita ser necesaria salvo que se precise a administración de fármacos (oxitocina, analxésicos, etc) ou soros como no caso de administración analxesia epidural.

## **ADMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS PARA ACELERAR O PARTO**

En partos vaxinais que progresan de forma normal recoméndase non realizar amniorrexis artificial nin perfusión de oxitocina de forma rutineira.

Se se produce un retardo na dilatación porque as contraccións uterinas diminúen ou cesan, pódese enlentececer ou estacionar o parto. Neste caso informarase a muller das opcións encamiñadas a estimular as contraccións e estimular o traballo de parto (rotura de membranas e administración de oxitocina), explicaráselle o procedemento e procederase á súa realización, logo do consentimento. En caso de ter que administrar oxitocina farase unha monitorización electrónica continua da frecuencia cardíaca fetal e das contraccións.

## **SONDAXE VESICAL**

Durante o traballo de parto pode producirse unha retención urinaria, neste caso, pode que sexa necesario realizar unha sondaxe vesical para baleirar a vexiga urinaria.

**COMENTARIOS OU SUXESTIÓNS SOBRE AS INTERVENCÍONS:** .....

.....  
.....  
.....  
.....  
.....

---

## 3 PERÍODO EXPULSIVO (NACEMENTO DO BEBE)

O profesional sanitario que atende a muller, intentará, na medida do posible, que a dilatación e o parto/nacemento discorran no mesmo espazo físico (sala de dilatación). Non obstante, poden xurdir circunstancias que requiran o seu traslado a outro cuarto ou sala de partos convencional. Se isto acontece, informaráselle das intervencións que se van realizar en cada momento.

Durante o expulsivo pódense adoptar *diversas posturas* (deitada, de pé, anicada, etc.) e tamén hai *varios posibles lugares* onde dar a luz (na cama, tallo, en cadeira de parto vertical, etc.), informarase a muller das posibilidades en cada momento.

Na actualidade, non está demostrado cal é a postura máis axeitada para facilitar o nacemento. *A elección depende de cada muller* e das súas necesidades ou desexos en cada fase do parto. Se hai algún motivo clínico para aconsellar unha postura concreta, o profesional sanitario que a atende, informaraa de todo o que necesite saber.

### PUXOS

Os puxos son contraccións involuntarias uterinas e contraccións abdominais poderosas que producen a sensación de empurrar. Nun parto normal débese empurrar cando a dilatación é completa e a muller sente a necesidade de facelo. Empurrar sen sentir a necesidade de facelo e/ou de forma continuada non é aconsellable nin beneficioso. Nalgunhas situacións, como baixo os efectos da anestesia epidural, prodúcese unha diminución da sensibilidade e do desexo de empurrar, pode ser útil que os profesionais orienten a muller sobre o momento máis adecuado para empurrar.

### EPISIOTOMÍA

A episiotomía é un corte que se practica no perineo que unicamente se realiza nalgunhas situacións nas que se precisa facilitar a saída do bebé.

### NACEMENTO

É un momento único, íntimo e especial, no que se debe procurar que o primeiro contacto do bebé sexa coa nai.

Débense atenuar as luces e ruídos porque molestan o bebé, o ambiente debe ser cálido e evitar interferencias nese primeiro contacto nai-bebé no que os sentidos do olfacto, o tacto e o oído son moi importantes facilitando a creación do vínculo afectivo e biolóxico.

Se ambos os dous o desexan, axudarase o pai a participar e permanecer nese espazo de intimidade compartida.

### ATENCIÓN INICIAL DO NEONATO

Para permitir o contacto continuo e ininterrompido da nai co seu fillo/a en intimidade, débense pospoñer as actuacións non urxentes (peso, talle e outros coidados ou procedementos) ao neonato nas dúas primeiras horas de vida tras o nacemento.

Nada máis nacer colócase o bebé sobre o abdome da nai, sécase, deixando as mans húmidas para, que guiado polo olor do líquido amniótico, repte cara ao peito. O profesional sanitario realizará os controis e vixilancia co bebé sobre o peito da súa nai.

No caso de que a situación clínica do neonato requira realizar unha aspiración de secrecións ou sondaxe (introdución de sonda ao estómago ou polo ano) tras o nacemento, informarase a nai e logo procederase á súa realización.

### CONTACTO INMEDIATO PEL CON PEL TRAS O NACEMENTO

O contacto pel con pel inmediato e ininterrompido tras o parto é unha práctica beneficiosa e recomendable tanto para o neonato coma para a nai. Débese colocar o bebé en contacto continuo directo pel con pel coa nai polo menos durante as dúas primeiras horas de vida, todo o tempo que ela desexe. No caso de non ser posible, explicarase o motivo e darase a opción de que outra persoa da súa confianza faga este primeiro contacto pel con pel, sempre que a situación do bebé así o permita.

**Preferencias para este momento:** .....

.....

### CORTE DO CORDÓN UMBILICAL

O cordón umbilical pínzase transcorridos polo menos dous minutos tras o nacemento ou cando xa deixou de latexar. Deste modo, o osíxeno que lle chega a través do sangue do cordón, vaille permitir unha transición ao medio extrauterino máis paulatina e menos brusca e tamén axuda a aumentar os depósitos de ferro do bebé.

Se as circunstancias o permiten e a nai o desexa, pode cortar o cordón umbilical ela mesma, a súa parella ou o acompañante, sempre baixo a supervisión do profesional sanitario que a atende.

**Opcións sobre corte do cordón umbilical por:** .....

.....

- *a propia nai*
- *a parella/ acompañante*
- *profesional sanitario*

## LACTACIÓN MATERNA

A lactación natural proporciona un alimento ideal para o crecemento e o desenvolvemento sans dos lactantes; tamén é parte integrante do proceso reprodutivo, con repercusións importantes na saúde das nais.

Como recomendación de saúde pública mundial, durante os seis primeiros meses de vida os lactantes deberían ser alimentados exclusivamente con leite materno para lograr un crecemento, un desenvolvemento e unha saúde óptimos. A partir dese momento, co fin de satisfacer os seus requisitos nutricionais en evolución, os lactantes deberían recibir alimentos complementarios axeitados e inocuos dende o punto de vista nutricional, sen abandonar a lactación natural ata os dous anos de idade, ou máis tarde.

A lactación natural exclusiva pode practicarse dende o nacemento. Se o estado de saúde da nai e a do bebé o permiten, colócase o bebé sobre o peito nu da nai nada máis nacer, en contacto pel con pel, deixando que comece a mamar de forma espontánea e sen interferencias innecesarias, durante o tempo que precise para iso. O profesional sanitario supervisará o estado do bebé e da nai durante o puerperio inmediato e axudará a establecer a lactación materna.

Mentres a lactación materna non estea ben establecida; e para evitar confusión da mamila coa mamadeira, desaconséllase ofrecer chupete e mamadeiras aos neonatos, xa que poden dificultar ou impedir unha lactación materna exitosa.

Os bebés alimentados a peito non precisan tomar soros, infusións, nin biberóns de leite de fórmula, se se aleita sen restricións a produción de leite adoita ser a axeitada ás necesidades do bebé. En caso de ser necesario administrar algún outro líquido ou alimento ao bebé, o profesional sanitario ao seu cargo, informará os pais dos motivos clínicos da súa indicación e solicitaralles o seu consentimento.

Recoméndase que as nais lactantes estean en contacto con outras nais lactantes, os profesionais sanitarios deben proporcionar información sobre os grupos de axuda á lactación materna da súa comunidade.

En caso de que a muller decida alimentación artificial, o profesional sanitario debe instruír os pais para que saiban preparar e administrar leite de fórmula e asegurar unha preparación axeitada do biberón. Convén que alterne a dar o biberón ao bebé ofrecendo el biberón dende a esquerda e dereita alternativamente para estimular por igual a súa lateralidade e procure facer contacto pel con pel, xa que as necesidades de contacto e calor materna son as mesmas para todos os bebés independentemente do tipo de alimentación polo que optase.

### **Opcións:**

- **Desexo dar o peito**
- **Decidín dar ao meu bebé leite de fórmula**
- **Tomarei a decisión máis adiante**
- **Desexo recibir información acerca de asociacións e grupos de nais de axuda á lactación materna da miña comunidade**



---

## 4 EXPULSION DA PLACENTA

As recomendacións actuais das guías de práctica clínica aconsellan informar, preferiblemente durante a xestación, de que o manexo activo da terceira etapa do parto acurta a súa duración, diminúe o risco de hemorraxia posparto e a necesidade de oxitocina terapéutica.

Non obstante, a muller debe saber que a expulsión da placenta espontánea ou fisiolóxica é unha opción que non prevén da hemorraxia posparto.

**Expresa aquí as túas preferencias, se o desexas:** .....

.....

---

## 5 PUERPERIO HOSPITALARIO

### COIDADO E ATENCION DO NEONATO DURANTE O PUERPERIO HOSPITALARIO

O bebé acabado de nacer permanecerá *xunto á súa nai nada máis nacer*, non está xustificado separar o neonato da súa nai de forma rutineira, só se realizará por **motivos clínicos xustificados** que deberán constar na historia clínica.

O traslado do bebé á planta de hospitalización de maternidade realizarase na mesma cama da nai en contacto pel con pel, coa cabeceira incorporada, cubertos por unha saba ou manta e acompañados da persoa elixida. Procurarase o maior grao de intimidade dentro das posibilidades de cada centro.

A duración da estadía axustarase á situación de saúde tanto da nai coma do neonato. En calquera caso, esta será a mínima posible. Nos partos sen complicacións, nai e bebé compartirán sempre o mesmo cuarto.

**Compartir o leito** na maternidade implica que o neonato e a súa nai compartan unha superficie continua, sen barreiras entre eles, durante as 24 horas, ao longo da súa estadía no hospital, esta práctica facilita a instauración da lactación materna.

No domicilio, compartir o leito, facilita a lactación materna á demanda, ao permitir á nai percibir os primeiros signos de fame do seu fillo con mais antelación que se durmira nun berce separado.

Os berces tipo sidecar ofrecen ás nais unha oportunidade segura para compartir o leito co seu fillo/a, o que vai facilitar a instauración da lactación materna.

**Preferencias persoais:** .....

.....

En caso de ingreso do neonato, informarase os pais de que o contacto físico e a interacción do acabado de nacer/a co seu pai e a súa nai en contacto pel con pel o máximo tempo posible demostraron beneficios tanto para os bebés coma para os seus proxenitores.

Para visitas doutros membros da familia como irmáns e avós, débese preguntar ao profesional sanitario da unidade na que está ingresado o neonato e descubrir se os protocolos do centro o permiten.

**A administración da vitamina K, colirio, pesalo ou tallalo**, faranse pasadas as dúas primeiras horas de contacto pel con pel continuo e ininterrompido, utilizando un método de analxesia non farmacolóxica para diminuír a sensación dolorosa que lle poidan producir estes procedementos (bebé ao peito, administración de leite de fórmula ou solución de sacarosa).

Procederáse á administración a todos os neonatos de:

- Colirio ou pomada antibiótica oftálmica, nunha soa dose, xa que prevén infeccións oculares severas.
- A vitamina K para a prevención de hemorragias. O método de administración máis recomendado é a vía intramuscular. Existe a alternativa da administración vía oral da vitamina K, neste caso é moi importante o cumprimento estrito da pauta de administración por parte dos proxenitores, sobre todo se ten ademais algún factor de risco, como prematuridade, trauma de parto, nai que tomase antiepilépticos, patoloxía hepática, etc. Aínda que o bebé tome algo de fórmula, antes das 12 semanas, mentres se estea aleitando, manteráselle a profilaxe oral.

**Opcións:**

- *Desexo que se administre vitamina K oral ao meu bebé tras o nacemento e comprométome á continuidade da súa administración en domicilio de acordo coa pauta que se prescriba*
- *Se desexa expoñer algún comentario suxestión ou indicación ao respecto, fágao a continuación:* .....

## HIXIENE DO NEONATO

Non se aconsella bañar o neonato nas primeiras horas de vida, podendo atrasarse ata o segundo día ou máis se as condicións así o permiten. O momento de facelo por primeira vez é unha decisión persoal.

O profesional da planta de maternidade axudaralle a adquirir as habilidades necesarias e a resolver dúbidas respecto ao coidado do bebé.

### *Opcións na planta de maternidade:*

- *Desexo realizar eu mesma os coidados e hixiene do meu bebé*
- *Outras opcións:* .....
- .....

---

## 6 PARTO INSTRUMENTAL (FORCEPS, VENTOSA, ESPÁTULA) OU CESÁREA

En caso de que fose necesaria algunha destas intervencións promoverase, ao igual que no parto eutócico, o acompañamento continuado, a intimidade, e o contacto inmediato pel con pel tras o nacemento.

---

## 7 OBSERVACIÓNS E OUTROS ASPECTOS NON CONSIDERADOS NO PRESENTE DOCUMENTO

Con este documento inténtase ofrecerlle unha información básica sobre os diferentes momentos, situacións e procedementos que adoitan presentarse ao longo do parto e nacemento. Cando existen diferentes opcións igualmente seguras e eficaces, ofrécese a posibilidade de elección, pero no caso de que unha práctica estea desaconsellada non se ofrece esa opción.

En canto á necesidade ou non de *consentimento informado*, está establecida no art.º 4.1 da *Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica*, na *Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes*, na *Lei 3/2005, do 7 de marzo, de modificación da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes*, e na *Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*.

## "FOLLA RESUMO DE REXISTRO HOSPITALARIA SOBRE PLAN DE PARTO E NACEMENTO"

(Informatizada como modelo en IANUS. En Atención Primaria o informe crearase asociado a un episodio de Embarazo (código W78 do CIAP2). Publicarase tanto no ámbito de Atención Primaria como Atención Hospitalaria)

**NOME DO HOSPITAL:**

**NOME E APELIDOS DA XESTANTE:**

**N.º historia clínica/n.º Seguridade Social:**

|  |   |
|--|---|
| Desexa estar acompañado por:   |   |
| <b>ATENCIÓN AO PARTO/NACEMENTO</b>   |   |
| Desexa usar a súa propia roupa <input type="checkbox"/><br>Desexa usar roupa do hospital <input type="checkbox"/>  | Non desexa canalización IV rutineira <input type="checkbox"/>   |
| Preferencias do lugar e posición durante o parto:  | <b>Uso de material de apoio durante o parto:</b><br><input type="checkbox"/> Do centro<br><input type="checkbox"/> Propio (especificar) |
| <b>Participación do acompañante/parella:</b><br>Desexa a súa participación <input type="checkbox"/><br>Non desexa participación <input type="checkbox"/>   | Necesidades específicas en caso de minusvalidez:  |
| Non desexa analxesia farmacolóxica <input type="checkbox"/><br>Desexa analxesia epidural <input type="checkbox"/><br>Desexa outros tipos de analxesia <input type="checkbox"/><br>Especificar:                   | Desexa que a súa parella corte o cordón <input type="checkbox"/>  |
| <b>MULTICULTURALIDADE E INMIGRACIÓN</b>  |   |
| Idioma principal:<br>Outros idiomas que domina:<br>Necesita tradución? <input type="checkbox"/><br>Achega tradutor/a? <input type="checkbox"/>   | Requirimentos específicos:  |
| <b>ATENCION AO NEONATO</b>   |   |
| <b>Profilaxe:</b><br>Vitamina K IM <input type="checkbox"/><br>Vitamina K oral <input type="checkbox"/>  | Preferencias sobre o contacto pel con pel e participación do acompañante:   |
| <b>Alimentación lactante:</b><br>Desexa lactación natural <input type="checkbox"/><br>Desexa alimentación artificial <input type="checkbox"/><br>Desexa contacto con grupos de apoio LM <input type="checkbox"/> | Desexa realizar coidados e hixiene <input type="checkbox"/><br>Desexa a colaboración da súa parella <input type="checkbox"/>            |
| <b>OBSERVACIÓNS:</b>   |   |

---

## PLAN DE PARTO Y NACIMIENTO

Castellano

Este plan de parto y nacimiento es un documento a través del cual la mujer embarazada puede *manifestar por escrito sus deseos, necesidades, preferencias y expectativas* en relación a su trabajo de parto y al nacimiento de su bebé.

En este documento no se contempla la posibilidad de elección de prácticas no aconsejadas actualmente por la evidencia científica por ser innecesarias o perjudiciales en el curso de un parto normal.

Por este motivo, se informa, de forma resumida, sobre las *prácticas adecuadas* para la asistencia al parto y nacimiento recogidas en las recomendaciones de la *Estrategia de atención al parto normal, en la Estrategia nacional de salud sexual y reproductiva y en la guía de práctica clínica sobre la atención al parto normal del Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad*. Aconsejamos también la lectura de la *Guía dirigida a mujeres embarazadas, a futuros padres, así como a sus acompañantes y familiares* también del *Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad*: [http://www.msps.es/organizacion/sns/planCalidadSNS/e02\\_t04.htm](http://www.msps.es/organizacion/sns/planCalidadSNS/e02_t04.htm).

